

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTECESO E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS RELACIONADAS CO MEDIO AMBIENTE NA CONTORNA DO CONCELLO

En Ponteceso, a 31 de marzo de 2023 comparecen:

Dunha parte, **Don Xosé Lois García Carballido**, con DNI nº 32.726.607A, **na súa condición de Alcalde- Presidente do Concello de Ponteceso** (A Coruña) con CIF P1506900H e domicilio en Ponteceso (A Coruña), Rúa Concello, 18, C.P. 15110, actuando en representación do concello de conformidade co establecido no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, asistido da secretaria municipal que dá fe do acto, en cumprimento do establecido no artigo 3.2.i) do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Doutra parte, **Don Javier Domínguez Lino** con DNI núm. 35311596-H, **na súa condición de Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (en adiante SOGAMA)** con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública, segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.

As partes comparecentes recoñécense plena capacidade para o outorgamento do presente convenio de cooperación, e na súa virtude

EXPOÑEN

1. Que, ao abeiro do establecido no artigo 25 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.
2. Que o concello de Ponteceso e SOGAMA, veñen colaborando dende o ano 2005 na prestación do servizo de xestión de residuos, acollendo o Concello as instalacións integradas no punto limpo da localidade dunha microplanta de transferencia de residuos.
3. Que a dita microplanta, ubicada no concello de Ponteceso, é operada conxuntamente co punto limpo polo seu persoal, presta servizo tamén aos concellos limítrofes. Non obstante, as microplantas, polo seu deseño, non teñen moita capacidade, o que unido a posibles avarías ou atascos, produce algunhas indisponibilidades.

4. Conscientes disto e coa firme decisión de prestar o mellor servizo posible, SOGAMA formulou ao concello de Ponteceso, a posibilidade de construír unha instalación de transferencia fixa, totalmente operada por SOGAMA, e desligándoos do punto limpo, para o cal é necesario que o concello ceda en uso os terreos necesarios.
5. Conscientes tamén da xenerosidade que esta cesión supón respecto aos demais concellos usuarios das instalacións, no sentido dunha maior calidade na prestación do servizo de transferencia e xestión de residuos, SOGAMA cre necesario colaborar co concello de Ponteceso na financiación de proxectos que estean directamente relacionados coa mellora do medio ambiente.
6. Así pois, o concello de Ponteceso, solicitou a SOGAMA a colaboración para a execución das obras previstas **“AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA) FASE II”**, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992.
7. Este convenio considérase de colaboración, e está regulado no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas, artigos 47 e seguintes. O Convenio circunscríbese á colaboración da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia, e adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, co Concello de Ponteceso para o financiamento da obra **“AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA) FASE II”**, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992.

Polo exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración conforme coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o concello de Ponteceso e SOGAMA para a contribuír ao financiamento das obras de execución de **“AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (A CARRASQUEIRA, VITUEIRA) FASE II”**, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992., obras que constitúen un servizo publico relacionado co medio ambiente.

Segunda.- Obrigas das partes

O concello de Ponteceso, vista a utilidade pública das obras obxecto do convenio, comprométese á licitación e á execución das obras, conforme ao proxecto presentado, que ten un prazo máximo de execución de 6 meses.

SOGAMA comprométese a financiar as obras ata un máximo de 150.000 euros (impostos engadidos), que serán aboados conforme o concello presente á Sociedade certificacións de obra debidamente conformadas ata o importe anterior.

O Concello comprométese a emitir a documentación necesaria de acordo coa lexislación vixente, para que SOGAMA poida acollerse aos beneficios fiscais que correspondan coas aportacións, de acordo co réxime fiscal aplicable.

O pagamento destas cantidades realizarase no prazo máximo de trinta días a partir da emisión da correspondente certificación, prevista na cláusula Quinta, polo Concello de Ponteceso.

Na realización das prestacións previstas no presente convenio, as partes observarán todas as esixencias medioambientais contidas na lexislación e as esixidas pola autoridade medioambiental competente.

Terceira.- Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.

Constitúese unha comisión de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante do Concello de Ponteceso e un representante de SOGAMA, designados polo órgano competente de cada entidade.

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidas na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

Estudar e propoñer as modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas

Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función

Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

Cuarta. Vixencia do convenio

O presente convenio terá unha vixencia de 1 ano e entrará en vigor no momento do acta de inicio das obras, que deberá ser presentada a SOGAMA polo concello de Ponteceso, aos efectos oportunos.

Quinta.- Beneficios fiscais da Lei 49/2002

Dado que o Concello é una entidade beneficiaria do mecenado, de conformidade co disposto no artigo 16 da Lei 49/2002, resultan de aplicación os incentivos fiscais previstos na mesma.

Así, o Concello comprométese a difundir a participación de SOGAMA como entidade colaboradora nas obras de execución da ampliación e mellora da servizos e abastecementos na estrada DP-4307, sendo as ditas obras de interese xeral, de conformidade co previsto no artigo 25 da mencionada Lei 49/2002.

Con este fin, SOGAMA autoriza ao Concello para a utilización do seu logotipo para os fins anteriormente mencionados, aparecendo en cantas publicacións e actos promocionais realice o Concello en relación coas ditas obras de mellora.

Así mesmo, o Concello comprométese a entregar a documentación xustificativa da publicidade da aportación de SOGAMA e a emitir unha certificación co importe e a data da aportación efectuada, indicando o seu carácter irrevogable.

Sexta.- Modificación, denuncia e resolución do convenio

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes, cun preaviso de quince días naturais.

Así mesmo, serán causas de resolución do convenio as seguintes:

As establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

A denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses.

Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Nestes supostos a entidade interesada en resolver o convenio porá en coñecemento da comisión de seguimento,

vixilancia e control a existencia da dita causa de resolución e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocala, e deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda, contra o que caberá o exercicio das accións legalmente previstas no ordenamento xurídico.

Unha vez resolto o convenio este entrará en fase de liquidación que formulará a comisión de seguimento, vixilancia e control, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión, de conformidade coa lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da dita liquidación poderá reclamárselle á entidade que se considere responsable e deberá ser aboada nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Contra o rexeitamento expreso ou tácito poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

Sétima.- Relación Laboral

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e SOGAMA, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do mesmo.

Oitava.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mais o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Novena.- Convenios anteriores

Tanto o Concello de Ponteceso como SOGAMA renuncian expresamente a calquera reclamación ou acción administrativa ou xudicial que lles puidese corresponder, con respecto aos convenios anteriores asinados polas partes en relación coa microplanta de transferencia.

Décima.- Natureza xurídica. Xurisdición competente

O presente convenio constitúe un negocio xurídico excluído do ámbito subxectivo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. A súa natureza é a dun convenio de carácter administrativo de colaboración no marco do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, entre unha administración pública e unha sociedade mercantil pública encargada da xestión do dito plan. En consecuencia, correspóndelles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa a resolución das cuestións relativas á súa validez, interpretación, execución, efectos e extinción.

E, en proba de conformidade, asinan electronicamente o presente documento en Ponteceso, en duplicado exemplar.

Por SOGAMA

Polo CONCELLO DE PONTECESO

Javier Domínguez Lino

Xosé Lois García Carballido

Dá fe do acto, en cumprimento do establecido no artigo 3.2.i) do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional:

A secretaria titular

Antía Pena Dorado